



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** Aprobación lista de admitidos provisional Arol rural 2024

**Expediente:** 2024/G003/000343

Vista a Resolución remitida pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, notificada en data de 24 de abril de 2024, que resolve conceder ao Concello de Lousame unha subvención por importe de 16.107,79€ para a contratación de 1 peón por un período de 9 meses a xornada completa, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Arol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Considerando que con data 7 de maio de 2024 aprobáronse as bases para a selección de 1 PEON correspondente ao Arol rural 2024.

Considerando o día 10/05/2024 rematou o prazo de presentación de documentación por parte dos candidatos enviados polo SPE (oficina de Noia)

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte **lista provisional** de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para a selección de **1 PEÓN**, por seren preseleccionados e remitidos polo Servizo Público de Emprego (oficina de Noia) a través do formulario da selección 1 da oferta 12-2024-4351:

| <b>APELIDOS E NOME</b>     | <b>REXISTRO</b> | <b>PRESEN TADO</b> | <b>ADMITI DO</b> | <b>CAUSA EXCLUSIÓN</b> |
|----------------------------|-----------------|--------------------|------------------|------------------------|
| BLANCO NEO ANDRES          |                 | NON                |                  |                        |
| CALVO CASTRO JOSE LUIS     | 628             | SI                 | NON              | (1)                    |
| CALVO TORRADO FRANCISCO    | 622             | SI                 | NON              | (2)                    |
| COSTOYA CAO JAVIER         | 626             | SI                 | SI               |                        |
| COTO CONDE JOSE MANUEL     |                 | NON                |                  |                        |
| LOJO COSTA CARLOS          |                 | NON                |                  |                        |
| MAROÑAS LAMAS JUAN GABRIEL | 623             | SI                 | SI               |                        |
| NIETO FERNANDEZ ISABEL     | 625             | SI                 | SI               |                        |
| POMBO CAMEAN JORGE         | 616             | SI                 | SI               |                        |
| SAMBADE ROO MANUEL         | 627             | SI                 | SI               |                        |

- (1) Non acredita o pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100%.
- (2) Non acredita o pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100%, nin tampouco aporta a tarxeta de estar inscrito no SEPE.

**SEGUNDO.-** As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de tres (3) días hábiles para a subsanación de deficiencias desde a publicación do anuncio no taboleiro de edictos municipal, para presentar





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

**TERCEIRO:** Publicar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de edictos e sede electrónica municipal.

*Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).*

